

- **Criterios de cualificación**

A avaliación en linguas estranxeiras deberá ante todo ter en conta o desenvolvemento das catro destrezas lingüística que non poden ser tratadas con éxito separadamente xa que se interrelacionan constantemente sen posibilidade de concebir unha sen as outras. Dito isto, entenderase que a avaliación terá que ser continua e sumativa xa que os contidos estanse a reutilizar e ampliar ao longo de todo o curso. Polo tanto haberá avaliación continua, o que se traduce en observación dos avances e progresos que fai o alumnado ao longo dos tres trimestres.

Para superar a materia o estudante terá que ter superada a materia no último trimestre cando se poden acreditar os avances e progresos realizados ao longo do curso escolar. Os criterios de avaliación para o presente cursos veñen especificados no decreto de linguas estranxeiras.

Avaliación por trimestres:

Para a avaliación do alumnado neste presente curso escolar os criterios de cualificación serán os que seguen:

A.- Unha proba obxectiva escrita e outra oral por trimestre que terán un valor do 60% da nota global

B.- Actividades de aula para a concreción das catro competencias 20% de participación na nota global:

1. Comprensión de textos orais:

Exercicios de comprensión de vocabulario de textos audio

Comprensión das consignas de aula e das indicacións do profesor

Lectura de textos adaptado nos libros dos alumnos

Exercicios de fonética

2. Producción de textos orais:

Utilización de expresións frecuentes

Construcción de mensaxes breves seguindo un modelo

Corrección na pronunciación

Esfuerzo por utilizar a entoación e ritmo adecuados

3. Comprensión de textos escritos:

Exercicios de comprensión do vocabulario básico nun texto adaptado

Comprender e seguir as intruccións básicas

Comprensión do sentido global dun texto

Recoñecemento de estruturas gramaticais e sintácticas semellantes na súa lingua de orixe

4. Producción de textos escritos:

Realización correcta de exercicios de repetición de vocabulario

Interese pola corrección ortográfica

Construción de textos seguindo un modelo previo

Reutilización de forma elemental das estruturas gramaticais e sintácticas simples estudias.

C.- Seguimento diario do traballo do alumnado cun valor de 20% de participación na nota trimestral, que se concreta da seguinte maneira:

1. Realización das tarefas diarias marcadas pola profesora no libro do alumno ou no caderno de exercicios, así como calquera outra tarefa extraordinaria que se lle pida aos alumnos (5%):

Fai os deberes cada día

Realiza os seus traballos axustándose ao que se lle pide.

Entrega os exercicios puntualmente

Trae o seu material a clase (libro , libreta, caderno de exercicios...)

Ten ordeados os seus apuntamentos e fichas complementarias

2. Traballo persoal (5%):

Prepara con antelación os contidos da materia

Corrixe os exercicios na clase

Atende ás explicacións da profesora

Esfórzase por tratar de solucionar dúbidas: pregunta ao profesor ou aos compañeiros, compara ámbalas dúas linguas...

Prograsa na interiorización dos coñecementos

3. Interese pola materia (5%):

Fai búsquedas autónomas de información fora de clase

Aprende a reutilizar as primeiras bases adquiridas para progresar no seu coñecemento da lingua

Esfórzase por utilizar a lingua en tódolos contextos

Participa activamente nos traballos en grupo

Mostra interese por coñecer algúns elementos culturais ou xeográficos.

4. Respecto pola normas e polos compañeiros e profesores (5%):

Utiliza adecuadamente as convencións propias da lingua estranxeira

Segue as normas e instrucións de clase

Mostra un comportamento axeitado nas súas relacións interpersoais

Desenvolve as súas capacidades para traballar en grupo

Respecto pola lingua estranxeira evitando estereotipos lingüísticos e culturais.

Avaliación ordinaria.

Non haberá exame de recuperación en Xuño para os alumnos matriculados e que cursaron a materia por trimestres.

Avaliación extraordinaria

Nas probas extraordinarias de Setembro os alumnos/as terán que presentarse a unha avaliación global do curso. Daránse unha serie de tarefas que terán que realizar durante o verán e entregar o día do exame.